

## V.- ESTRATEXIA

### V.1 DIAGNOSE DO TERRITORIO

Do contido da información que se recolle na descrición do territorio para describir os principais rasgos característicos, xa se pode extraer a diagnose do territorio e que determina as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades as que o programa de desenvolvemento rural que ten deseñado o GDR Ribeira Sacra-Courel para a xestión do programa Leader Galicia 2014-2020 tentará dar algunha resposta.

Como é de imaxinar os recursos cos que se contará dificilmente chegaran para cambiar a situación, polo que os **obxectivos que se pretenden acadar co programa Leader serán comedidos e realistas**, xa que o horizonte temporal que se dispón para a intervención no territorio de catro anos (2017-2020, ao ser este ano 2016 de selección do GDR, organización administrativa, operativa e técnica e difusión da estratexia polo territorio), e neste curto prazo de tempo resulta complicado que os resultados esperados coas actuacións do programa Leader sexan totalmente visibles, posto que a maduración e o efecto e impacto sobre o territorio serán visibles a medio prazo.

A experiencia na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013 do GDR Ribeira Sacra, sobre a base na que pilotou o deseño da estratexia do GDR Ribeira Sacra-Courel, serviu para poñer en riba da mesa aos axentes do territorio a realidade da xestión dun programa Leader no territorio, aproveitando ditas experiencias tanto as positivas, para afondar nelas, melloralas e replicalas a outras actividades no territorio, como as negativas para corrixilas e evitar volver a cometer os mesmos erros.

E froito desa experiencia do programa Leader 2007-2014, na que se xestionaron pouco mais de 4.500.000 € en oito concellos, o que serviu para considerar que a asignación máxima de fondos para o novo programa Leader establecida nas bases da convocatoria publicada por Agader de 5.000.000 € para un territorio con 13 concellos, será a todas luces insuficiente.

Por iso, o GDR Ribeira Sacra-Courel **planificou a súa estratexia de desenvolvemento sobre a base de poder xestionar eses 5.000.000 €**, xa que non se entendería que tendo xestionado pouco mais de 4.500.000 € no período 2010-2015 en oito concellos e cos anos de maior crise económica, non se sexa capaz de xestionar 5.000.000 € en 13 concellos, nos que se inclúen os mesmos 8 que xa executaron pouco mais de 4.500.000 € no pasado.

E como se sinalaba no comezo deste apartado, as cifras dan una imaxe real das posibilidades, con esta estratexia de 5.000.000 €, a executar en 4 anos, para unha poboación de 26.198 hab (2014), estaríamos a falar dun gasto (entre investimento real a gasto corrente do programa) de 190,85 €/hab.

Así a todo, a vontade dos axentes do territorio, de poñer o seu empeño en sacar o maior proveito do programa Leader, levounos a **deseñar unha estratexia que se considera innovadora e integradora**, xa que moitas das actuacións que pretende desenvolver o propio GDR para animación e promoción territorial teñan unha **visión global do territorio, tratando de establecer vínculos e relacións comúns entre os habitantes e empresarios dos diferentes concellos**, relacións que se agardan que se manteñan co paso dos anos, e **poidan ser o punto de inflexión sobre o que consolidar o existente e iniciar un despegue do nivel de actividade económica no territorio que posibilite a xeración de rendas e empregos no rural que poña freo ao despoboamento e envellecemento**.

## V.2 DAFO

Para describir o análise DAFO do territorio os axentes do territorio aportaron as súas suxerencias a través dos cuestionarios e a través das reunións e entrevistas mantidas durante o deseño da estratexia. E aínda que moitas das características que o describen poidan parecer xenéricas, a realidade do rural e deste territorio e moi común ao rural da Galicia interior.

## DEBILIDADES E AMEAZAS

- Diversidade territorial, concellos pertencentes a catro comarcas administrativas diferentes,
- Moi baixa densidade de poboación, 13,34 hab/Km<sup>2</sup> será a terceira menor dos novos GDR.
- Unha ampla superficie territorial, o segundo mais extenso dos novos GDR.
- Territorio de predominio de montaña: 8 concellos dos 13 están considerados de Montaña, o que representa o 61,10 % do total da superficie.
- Acusada dispersión da poboación, 1365 entidades de poboación habitadas, unha media de 19 habitantes por entidade de poboación.
- Dificultade na prestación de servizos básicos, e encarecemento dos mesmos pola dispersión, e o custe marxinal de cada servizo en cada entidade de poboación.
- Pirámide poboacional totalmente invertida, moi estreita pola base característica de territorio moi dependente, envellecido, e con taxas moi baixas de natalidade.
- Aceleración nos últimos anos do proceso de masculinización do rural.
- 42% da poboación ten mais de 65 anos.
- Unicamente o 5,62 % da poboación e menor de 15 anos (1536 rapaces)
- A poboación activa do territorio e inferior a inactiva
- Nivel de envellecemento moi elevado, 42,07 % fronte 24,01% de Galicia ou o 28,58 % da provincia de Lugo.
- Desequilibrio a longo prazo do territorio, debido as taxas de dependencia senil e xuvenil, e a global con preto a chegar a relación 1:1 un activo por 1 inactivo.
- Dificultade para recambio da poboación que se xubila.
- Saldo vexetativo do territorio moi superior ao saldo galego e provincial, cunha taxa do 13,79 % fronte a taxa do 3,75 % e 7,98 %

respectivamente. Característico de baixa taxa de natalidade e moi alta taxa de mortalidade.

- Elevada perda de poboación no período 2004-2014, 18,94 % de perda de poboación fronte a perda do 4,38 % da provincia de Lugo ou o 0,08 % en Galicia.
- Baixo nivel de actividade produtiva, o PIB por habitante do territorio sitúase no 65% do Galego e provincial. Baixo nivel de rendas no territorio, e baixo nivel de valor engadido da produción agrícola, industrial e servizos.
- Baixo nivel de renda dispoñible por habitante, situada no 82 % da renda Galega e provincial.
- Elevado nivel de paro rexistrado, dificultade de atopar emprego nos concellos do territorio.
- Elevado nivel de demandantes de emprego no sector servizos, froito, entre outros, do peche de empresas de servizos durante a crise.
- Elevado paro rexistrado no sector agrícola, construción e sen emprego anterior, en comparación coas taxas a nivel provincial e para Galicia.
- Maior nivel de empregabilidade dos homes.
- Maior nivel de afiliacións a seguridade social no sector servizos.
- Baixo nivel de afiliacións a seguridade social no sector industrial.
- Alto peso das afiliacións a seguridade social no sector agrícola.
- Baixo nivel de desenvolvemento empresarial.
- Elevada presenza de empresarios autónomos, individuais, 65,71 %
- Pouca iniciativa emprendora
- Concentración actividade empresarial, 53% das empresas no concello de Monforte de Lemos.
- Exclusión do núcleo de Monforte de Lemos dentro do programa Leader, perda do motor e liderado económico para o desenvolvemento da zona.
- Baixo desenvolvemento do cooperativismo.

- Baixo nivel de empresas no tecido industrial.
- Elevado peso sobre tecido empresarial do sector da construción.
- So existen 15 empresas no territorio con mais de 20 traballadores, e localizadas en so 4 concellos.
- 66,61 % das empresas existentes non teñen asalariados.
- 98,39% das empresas son microempresas.
- Elevado peso das explotacións agrarias con reducida dimensión.
- Baixa utilización da superficie nos concellos dedicada a sector agrícola, condicionado polas zonas de montaña.
- Baixo aproveitamento do sector forestal, a pesar das potencialidades que presenta, o 72,23% da superficie do territorio e terreo forestal.
- Salvo algunha excepción, baixo nivel organizativo e de explotación dos montes comunais.
- Baixa nivel de utilización e aproveitamento do regadío no Val de Lemos.
- Baixo nivel de utilización das TIC nas explotacións agroalimentarias.
- Escasa cualificación e profesionalización dos traballadores agrarios
- Perda dos mercados locais, feiras, como puntos de comercialización de producións agroalimentarias.
- Nula coordinación territorial das actividades lúdicas.
- Ingresos municipais reducidos, limitando as posibilidades do concello para acometer obras e prestar servizos.
- Déficit de infraestruturas turísticas, tanto no que respecta a determinados aloxamentos, como a os servizos complementarios de restauración e actividades de ocio.
- Pouco aproveitamento dos recursos paisaxísticos, naturais e medioambientais do territorio.
- Aillamento da poboación, e problemas de socialización.
- Problemas de socialización da poboación mais cativas polo reducido número de poboación, e a soidade nos núcleos rurais

## **FORTALEZAS E OPORTUNIDADES**

- Saldo migratorio positivo no ano 2014, con 103 retornados.
- Afiliacións a seguridade social no sector agrario, o que posibilitará contribuir ao desenvolvemento e mellora das explotacións, especialmente incidindo na transformación, comercialización e incremento do valor engadido.
- Inicio dun centro de asesoramento empresarial para novos emprendedores.
- Vía de alta capacidade que comunica o sur de Lugo coa capitalidade.
- Finalización do porto seco de Monforte, e posibilidade de implantación novas de empresas de fora do territorio para aproveitar este nodo loxístico.
- Importante sector vitivinícola, asociada a produción de alta calidade e vinculada a paisaxe e especial orografía dos viñedos.
- Continuo recoñecemento nacioal e internacional dos viños da Ribeira Sacra.
- Auxe e impulso crecente e continuo da agricultura ecolóxica.
- Presenza no territorio da sede do Consello Regulador de agricultura Ecolóxica, da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, e do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.
- Auxe do destino turístico da Ribeira Sacra.
- A navegabilidade polo canón do Sil como punto de atracción turística de referencia no sur, e o camiño francés polo norte.
- Presenza de dous camiños a Santiago de Compostela, o camiño francés polo norte do territorio, e o recen recoñecido camiño do Inverno polo sur.
- Gran riqueza e patrimonio forestal por desenvolver. desenvolvemento da castañicultura.
- A recuperación do cultivo das variedades tradicionais de olivos na comarca de Quiroga, e o xurdimento de almazaras.
- Recoñecida calidade dos produtos agroalimentarios do territorio: viño, aceite, mel, castañas, e carne de vacún.